



MINISTERIO DE DEFENSA

Concentracións persoal de Defensa no Arsenal de Ferrol e escola militar de Marín
17/12/2025

A CIG participou activamente, tanto nas concentracións diante do Arsenal de Ferrol como na Escola Militar de Marín, celebradas este 17 de decembro

A semana pasada comezamos a ver reflectido nas nosas nóminas o resultado de meses de mobilizacións do persoal civil do Ministerio de Defensa. Un avance que debemos valorar colectivamente e que **non tería sido posible sen a mobilización sostida do persoal**

Un primeiro paso que confirma o que sempre defendemos, o conflito salarial **non o provocou o persoal civil**, senón unha decisión unilateral do Ministerio de Defensa de incrementar unicamente as retribucións do persoal militar, mantendo unha situación de **discriminación inxustificable** contra o persoal civil.

Desde a CIG sostivemos sempre que **os avances reais só chegan coa mobilización**, non con acordos pechados nos despachos nin con pactos que desactivan o conflito.

É imprescindible **non baixar a garda**, porque:

- o conseguido **debe consolidarse**,
- cómpre **seguir avanzando na mellora das retribucións**,
- e existen indicios dun novo incremento para o persoal militar antes de rematar o ano, o que afondaría aínda máis na desigualdade salarial.

A CIG participou e seguirá participando activamente nas concentracións diante do Arsenal de Ferrol e na Escola Militar de Marín, defendendo a unidade e a acción colectiva como a única vía eficaz para acadar unha solución xusta.

A convocatoria da Mesa Delegada para o **xoves 18 de decembro** confirma que entramos nun momento decisivo.

A CIG fai un chamamento a todo o persoal civil do Ministerio de Defensa a **manter e reforzar a mobilización**, participar nas concentracións e non renunciar a ningún dos obxectivos marcados.

Seguiremos loitando, na rúa e nos ámbitos de negociación, ata acadar salarios dignos, igualdade real e o fin das discriminacións contra o persoal civil de Defensa.